

VIGO

“Lost” continúa su viaje solidario en el Auditorio de Vigo

Redacción 1 Semana Ago 0 4 Mins



O proxecto solidario co videoconto LOST, creado pola escritora Soledad García, volve para apoiar a campaña @unacuraparamauri, e terá unha nova representación no Auditorio de Vigo o próximo domingo 21 de decembro, ás 17:30 horas.

A primeira edición do vídeoconto solidario celebrouse o pasado mes de outubro no Auditorio de Nigrán, onde máis de 150 persoas se reuniron nunha tarde cargada de emoción, historias e solidariedade para apoiar ao pequeno Mauri, de tan só 3 anos, que padece a enfermidade de Alexander.

LOST combina narración en vivo e proxección audiovisual para contar a historia dun pequeno ourizo perdido que aprende sobre a amizade, a empatía e a esperanza ao longo da súa viaxe. A iniciativa busca visibilizar a realidade de Mauri e de todas as nenas e nenos que sofren enfermidades oncolóxicas ou raras, así como apoiar ás súas familias e crear espazos de encontro, comunidade e compromiso social.

A autora, Soledad García, coñecida polos seus libros Un paseo polo Nadal de Vigo, Son XENA, O soño de SEDNA e polos paseos literarios de Nigrán, Baiona e Gondomar, é unha divulgadora ambiental comprometida co benestar animal. Colabora activamente en campañas de adopción a través do libro URCO unha historia reciclada, do que xa doou máis de 9.300 exemplares para fomentar a adopción responsable e frear o abandono de animais en Vigo, ou Misión para unha formiga, a obra que acompaña a transformación do zoo de Vigo no espazo de divulgación ambiental Vigo Nature.

O pasado domingo celebrouse en Nigrán unha xornada especial de solidariedade dedicada a apoiar o proxecto de Conchi Estévez, coñecida como a muller da sangue branca e fundadora de Aire de Mar. Conchi visita os hospitais xunto a @spidermandevigo, levando ilusión e esperanza trocando cinco minutos de dor por cinco minutos de sorrisos aos pequenos guerreiros que loitan contra enfermidades oncolóxicas e raras. Ademais, Aire de Mar organiza rutas solidarias en barco para que estes pequenos poidan gozar dun Nadal máximo fóra dos hospitais, achegándolles momentos inesquecibles e cheos de ilusión.

Conchi Estévez, Spiderman de Vigo e Soledad García apostan así por un Nadal máis humano, máis solidario e baseado nos verdadeiros valores destas datas.



Tagged: **VIGO**